

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DO ÓRGANO INSTRUTOR COAS PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS E PROPOSTA DE ASIGNACIÓN DE DESTINOS DAS BOLSAS DE FORMACIÓN PRÁCTICA EN OFICINAS DE TURISMO DE GALICIA DURANTE O ANO 2023 (TU981A).

O 16 de marzo de 2023 publicouse no Diario Oficial de Galicia a RESOLUCIÓN do 10 de marzo de 2023 pola que se regulan as bases para a concesión de catorce bolsas de formación práctica nas Oficinas de Turismo da Axencia Turismo de Galicia.

O 5 de maio de 2023 o órgano instrutor do procedemento aprobou e publicou a listaxe definitiva de persoas admitidas e a data para a realización da entrevista.

O día 12 de maio de 2023 o órgano instrutor das bolsas fixo público na páxina web de Turismo de Galicia o cadro de persoas aspirantes admitidas coas puntuacións totais obtidas nas diferentes probas outorgando un prazo de 10 días hábiles para que as persoas interesadas puidesen formular alegacións.

Tanto Carla Alonso González como Nagore Fernández López presentaron por escrito a súa renuncia á bolsa estando xa excluídas do procedemento por non acudir á entrevista, sendo esta obrigatoria. Artigo 11.4 das bases reguladoras.

O 13 de maio de 2023 Marta Gómez Jiménez presentou por escrito a renuncia á bolsa.

O 15 de maio de 2023 Irene Hervés Pouso presentou documentación complementaria aos méritos que foi remitida á Comisión de Valoración.

A día 23 de maio de 2023 todos os participantes que non presentaron a renuncia manifestaron a súa conformidade por escrito á proposta provisional publicada o 12 de maio polo tanto dáse por realizado o trámite de audiencia.

A dirección de Competitividade de Turismo de Galicia como órgano instrutor do procedemento tendo en conta o informe da Comisión de valoración emitido o 23 de maio de 2023, de conformidade co artigo 13,1 da Resolución do 10 de marzo de 2023 (Diario Oficial de Galicia núm.53, do 16 de marzo de 2023),

PROPÓN:

1. Aceptar de plano as renuncias das candidatas Carla Alonso González, Nagore Fernández López e Marta Gómez Jiménez segundo o artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Aprobar a orde de prelación e a puntuación definitiva obtida polas persoas admitidas no proceso de selección no Ámbito da comunicación de datos turísticos (Anexo I).
3. Adxudicar 13 bolsas ás persoas candidatas asignándose o destino segundo a orde de puntuación de maior a menor e atendendo á orde de preferencia de destino manifestada pola persoa beneficiaria (anexo III da convocatoria).
4. Deixar deserta unha bolsa na Oficina de Turismo de Santiago (praza de Mazarelos) por falta de persoa candidata.
5. A data prevista de incorporación das persoas beneficiarias o 1 de xuño de 2023.





Segundo a información que obra en poder deste órgano instrutor despréndese que as persoas propostas como beneficiarias cumpren con todos os requisitos previstos na convocatoria para acceder ás bolsas coa duración e dotación económica establecida nas bases reguladoras e posta de manifesto no cadro do anexo.

O órgano instrutor.

A Directora de Competitividade de Turismo de Galicia

Ana Lestido Reboiras





Anexol

Proposta das persoas candidatas beneficiarias das bolsas:

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DNI	MÉRITOS	ENTREVISTA	PUNTUACIÓN TOTAL	DESTINO	MENSUALIDADES	SS	IMPORTE TOTAL
ABRIL	REDONDO	LOPEZ	***584***	47,00	20,00	67,00	OIT Vigo	6.000,00 €	383,34 €	6.383,34 €
JULIO	BOUZO	SABAS	***596***	28,00	20,00	48,00	OIT Ourense	6.000,00 €	383,34 €	6.383,34 €
MARÍA	FERNÁNDEZ	LAMELAS	***909***	25,00	20,00	45,00	OIT A Coruña	6.000,00 €	383,34 €	6.383,34 €
CRISTINA	FORMOSO	MARTINEZ	***655***	22,00	20,00	42,00	OIT Santiago Peregrino	6.000,00 €	383,34 €	6.383,34 €
ALEXANDRA	FRANCO	GOMEZ	***095***	20,00	20,00	40,00	OIT Pontevedra	6.000,00 €	383,34 €	6.383,34 €
ALFONSO	VILLAR	ROSSI	***067***	20,00	20,00	40,00	OIT A Coruña	6.000,00 €	383,34 €	6.383,34 €
CARLOS JESÚS	SANMARTIN	GARCIA	***504***	20,00	20,00	40,00	OIT Ourense	6.000,00 €	383,34 €	6.383,34 €
RAQUEL	FREIRE	VIÑAS	***630***	20,00	20,00	40,00	OIT Pontevedra	6.000,00 €	383,34 €	6.383,34 €
IRENE	HERVÉS	POUSO	***609***	18,00	20,00	38,00	OIT Vigo	6.000,00 €	383,34 €	6.383,34 €
MARTA	ROSENDE	REGUEIRO	***561***	13,00	20,00	33,00	OIT Santiago Peregrino	6.000,00 €	383,34 €	6.383,34 €
ZAIRA	BELLON	VILLAR	***417***	13,00	20,00	33,00	OIT Lugo	6.000,00 €	383,34 €	6.383,34 €





XANA	CARTON	MORILLA	***255***	12,00	20,00	32,00	OIT Santiago Mazarelos	6.000,00 €	383,34 €	6.383,34 €
PALOMA	PASCUAL	LOPEZ	***863***	10,00	20,00	30,00	OIT Lugo	6.000,00 €	383,34 €	6.383,34 €

Persoas candidatas que renuncian á bolsa

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DNI	MÉRITOS	ENTREVISTA	PUNTUACIÓN TOTAL	
MARTA	GÓMEZ	JIMÉNEZ	***667***	28,00	20,00	48,00	Renuncia
NAGORE	FERNÁNDEZ	LÓPEZ	***787***	23,00	Non presentada	23,00	Renuncia
CARLA	ALONSO	GONZALEZ	***987***	20,00	Non presentada	20,00	Renuncia

